


Unhas magníficas infraestruturas

A Feira Internacional de Galicia, o recinto máis amplo e versátil do Noroeste Peninsular, dispón das instalacións idóneas para dar resposta ás necesidades do sector da alimentación e a gastronomía:

- 428.000 m² de superficie total con amplas zonas verdes
- 37.000 m² de exposición cuberta e 55.000 m² de exterior
- 140.000 m² de aparcadoiro
- Auditorio con capacidade para 700 persoas
- Situado no centro de Galicia, a 15 minutos de Santiago de Compostela y do seu aeroporto internacional por autoestrada
- Ampla oferta de aloxamentos na súa contorna, incluíndo un hotel de catro estrelas ubicado fronte ao recinto

Ubicación e acceso



Datos xerais da feira

Data:
do 10 ao 13 de xuño de 2010

Carácter:
profesional os dous primeiros días e aberta ao público xeral a fin de semana

Horario:
xoves e venres: de 10 h. a 20 h.
fin de semana: ampliase de 10 h. a 21 h.

Aparcadoiro:
gratuito

FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA • E-36540 SILLEDA • Pontevedra • España • Tlfn. +34 986 577000 • Fax. +34 986 580865 • info@feiragalicia.com

Unha plataforma para a xeración de negocio, a internacionalización e a promoción da calidade

Na súa 14ª edición Salimat volverá converterse en certame de referencia no noroeste peninsular para o sector da alimentación e a gastronomía.

E vai a facelo a través dunha magnífica fórmula que ofrece aos expositores do Salón unha perfecta converxencia de xeración de negocio, internacionalización e promoción da calidade.

Será pois un espazo comercial inmillorable para o sector no que está asegurado o cumprimento das expectativas de todos os participantes.

Negocio mediante unha axenda de contactos planificada e garantizada

Salimat concederá nesta edición un especial protagonismo aos **Encontros Internacionais de Compradores**, os cales conformarán unha eficaz plataforma de negocio que permitirá, especialmente á mediana e pequena empresa, abrir novos mercados internacionais.

Todos os expositores poden formar parte dos Encontros, tendo garantizada unha axenda de contactos planificada con anterioridade ao salón e configurada en función dos seus intereses, a cal lles permitirá reunirse cun importante número de importadores, maioristas e distribuidores internacionais.

O seu obxectivo non é outro que facilitar as relacións comerciais entre a oferta expositiva e a demanda, cun éxito avalado polas cifras da pasada edición, cando se celebraron cerca de 2.000 entrevistas de negocio con 45 importadores de 12 países: Xapón, Alemaña, Rusia, Noruega, Lituania, Canadá, EE.UU, Reino Unido, Países Baixos, Polonia, Bélxica e Dinamarca.

As empresas que queiran potenciar a súa presenza no mercado nacional tamén contarán cunha eficaz ferramenta a través dos contactos con empresas distribuidoras, colectividade, maioristas e outras do canal HORECA, que estarán presentes no certame e que contarán cunha bolsa de contratación nacional específica.





Calidade e innovación

Outro dos retos do Salón de Alimentación do Atlántico é **potenciar os produtos de calidade**, os cales caracterizan e distinguen a nosa produción alimentaria.

A promoción de novas alternativas no emprego destes produtos, e da gastronomía que os ten como base, son obxectivos fundamentais no certame.

A innovación na alimentación tamén terá un papel fundamental. Proba delo é Alinova, unha área exclusiva que se brindará gratuitamente aos expositores para que amosen os seus últimos produtos lanzados ao mercado, e que cada vez goza de maior repercusión tanto mediática como entre os asistentes.

Na pasada edición **Alinova** acolleu 67 novos produtos, entre eles un viño tinto desalcoholizado, queixo con gusto a alho e perexil, embutidos de avestruz, aceite virxen extra con sabor a froitas, brotes de bambú ou licor café biolóxico.



Proxección da súa imaxe de marca entre decenas de miles de persoas

Durante os dous primeiros días Salimat 2010 será exclusivamente profesional, sin embargo durante a fin de semana abrirase ao público en xeral transformándose nun escaparate destinado ao consumidor final, unha magnífica oportunidade de promoción si temos en conta que é este quen ostenta a decisión de compra.

Será así mesmo unha oportunidade única para que as empresas formen ao consumidor, tanto no recoñecemento da calidade como nas vantaxes dun consumo saudable e responsable

Por outra banda, constitúe un espazo inmillorable para proxectar a imaxe de marca das empresas, xa que esta dobre orientación permitirá aos expositores chegar ás decenas de miles de persoas que pasarán polo recinto Feira Internacional de Galicia durante os catro días do certame (na pasada edición rexistráronse preto de 60.000 visitantes).



Unha participación con repercusión mediática

A difusión da súa empresa entre unha elevada cifra de visitantes súmase a importante repercusión do certame nos medios de comunicación:

- Na última edición Salimat tivo difusión nunha trintena de publicacións especializadas de España e Portugal.
- Máis de 100 medios de prensa, radio, televisión e internet fixéronse eco do certame.
- Máis de 150 periodistas e fotógrafos acreditáronse durante os catro días da súa celebración.



Os Nossos Sectores

1. Produtos Alimentarios:
 - Artesanos de Galicia
 - Ecolóxicos
 - De Calidade Certificada
 - Cárnicos
 - Lácteos
 - Viños
 - Bebidas
 - Aceites
 - Conservas
 - Pastelería e panificación
 - Outros
2. Tecnoalimentación
3. Institucións
4. Gastronomía

Un interesante programa de actividades

- Encontros Internacionais de Compradores
- Encontros de Negocio con empresas de distribución nacional
- Alinova
- Conferencias e xornadas técnicas
- Talleres de catas
- Demostracións

A estas uniranse outras actividades de gran interese para o sector que se están pechando.

